



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-IB / 2018

Expediente: 2018000005494

RESOLUCIÓN Nº 30603 DO 13/09/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- ÁREA DE ILUSTRACIÓN E BANDA DESEÑADA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 26680, do 07/08/2018, aprobou a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- Área de ilustración e banda deseñada, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que finalizou o prazo concedido ás persoas interesadas pola resolución devandita e visto que non se presentaron desistencias, nin alegacións ou emendas.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican.

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220180013520, por importe total de 9.000 €.

3.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

Solicitudes		Importe bolsa
Persoa beneficiaria	RAQUEL GERMADE REY	9.000,00€
Expediente	2018000027219	
Obxecto	"Especialização em Ilustração" nivel pos-graduado, na Facultade de Belas Artes de Porto	
Total concedido		9.000,00 €

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.